

UNIDADES DIDÁCTICAS DE ENSINO PRIMARIO  
CULTURA E TRADICIÓN DE GALICIA

CADERNO Nº 6

PEREGRINOS NO  
CAMIÑO DE  
SANTIAGO



RAMÓN PICO

# PEREGRINOS NO CAMIÑO DE SANTIAGO



Durante máis de mil anos o Camiño de Santiago, tamén chamado *Rota Xacobe*a e *Camiño de Peregrinacións*, foi o camiño que uniu Galicia a Europa. Por el chegaron a cultura, as artes, as ideas...

## O APÓSTOLO SANTIAGO



Santiago o Maior, irmán de San Xoán o Evanxelista, era un dos apóstolos preferidos de Xesucristo.

Aínda que non se sabe con certeza, posiblemente predicou por España antes de volver a Xerusalén, onde foi decapitado por Herodes no ano 44 da nosa Era.

O apóstolo Santiago no Pórtico da Gloria

## A LENDA DA CHEGADA DE SANTIAGO A GALICIA

Conta esta lenda que os discípulos de Santiago recolleron o seu corpo e trouxérono nunha barca que, guiada por un anxo, chegou ata Galicia, desembarcando en Iria Flavia (preto de Padrón), capital da Galicia romana.

Alí tentaron enterralo nun campo, pero a “raíña Lupa”, dona das terras, non llelo permitiu. Ó final deulles uns touros salvaxes,

pensando que os atacarían; pero os touros volvéronse mansos e botaron a andar levando o corpo do Apóstolo.

Cando os touros se detiveron, enterraron alí o corpo e fixeron unha pequena capela que co tempo quedou esquecida.

Os touros da “raíña Lupa” conducen os restos do Apóstolo, nun cadro do século XVI.

Todos aparecen vestidos co traxe típico dos peregrinos.


É moi normal a representación de Santiago vestido de peregrino, coma se el fose visita-la súa propia tumba



Relevo de pedra que representa a traída do Apóstolo de Xerusalén a Galicia nunha barca de pedra. Fonte do Carmen, Padrón




# DESCUBRIMENTO DA TUMBA DO APÓSTOLO



No século IX gran parte de España está ocupada polos musulmáns, so o norte é cristián. O rei Afonso II "o Casto" manda en Asturias, León e Galicia.

No ano 812 un pastor ve unhas estrañas luces nun outeiro, o castro de Libredón, e comunícallo ó bispo de Iria, Teodomiro, que investiga o lugar e di que é a tumba do apóstolo Santiago. Alí había unha pequena construción romana de dúas plantas, dedicándose a de abaixo a lugar de enterramentos.




Reconstrucción da tumba do apóstolo Santiago atopada no castro de Libredón.

O rei visita o lugar e manda facer un edificio, que faría de Santuario. A noticia do descubrimento vaise estendendo e pronto chegan os primeiros peregrinos. Ó redor deste pequeno Santuario vanse construíndo casas, pousadas, tendas, un mosteiro...

## Santiago de Compostela acaba de nacer.

Reconstrucción do primeiro Santuario feito sobre a primitiva tumba. Tamén se fixo un mosteiro preto de alí, o de Antealtares.




## PRIMEIRAS PEREGRINACIÓNS E PRIMEIRA BASÍLICA

A noticia do descubrimento da tumba do Apóstolo esténdese por toda a cristiandade europea.

Os reis cristiáns promoven as peregrinacións, e pronto comezan a chegar a Compostela peregrinos de todas partes.

Compostela é xa o principal lugar de peregrinacións de Europa.

O rei Afonso III mandou facer unha basílica de tres naves (coma unha igrexa grande) no ano 872. Máis tarde, en 997, os musulmáns de Almanzor destrúen este templo (e levan as campás para Córdoba). San Pedro de Mezonzo, bispo de Iria, manda reedificalo.




Basílica mandada facer por Afonso III (con vista do interior).

Ós ataques dos musulmanes sumáronse os dos vikingos, polo que a mediados do século XI fíxose unha muralla ó redor da cidade e levantáronse dúas torres defensivas preto da parte dianteira da igrexa.

## A CATEDRAL

As peregrinacións a Santiago aumentan e pénsase en facer outro templo. O bispo Diego Peláez, sendo rei Afonso VI, comeza as obras dunha gran catedral en 1.075, sobre a anterior igrexa.

Comezan pola *xirola*, para facilita-lo paso dos peregrinos ó redor da tumba do Apóstolo, e as cinco capelas do ábside. No ano 1.111, cando comeza o reinado de Afonso VII, quítanse os restos da antiga igrexa e durante todo o século XII vaise construindo a nova catedral, que será modificada nos séculos seguintes.



Este é, aproximadamente, o aspecto da catedral de Santiago e a fachada principal, a do Obradoiro, que puideron ve-los peregrinos durante moitos séculos.

En séculos posteriores fóronse facendo outras edificacións todo ó redor da catedral que cambiaron completamente o seu aspecto.


A fachada do Obradoiro que podemos ver actualmente foi feita no XVIII.

## O NOME DE COMPOSTELA

Hai dúas versións sobre a orixe deste nome:

Unha di que vén de "*Campus stellae*" (Campo da estrela), pola luz que indicaba o lugar do enterramento.

A outra versión di que ven de "*compostum*" (cemiterio), pois a Catedral de Santiago está construída sobre un antigo cemiterio romano.



## GUÍA DOS PEREGRINOS NO CÓDICE CALIXTINO

A mediados do século XII un monxe, Aymeric Picaud, percorre o Camiño dende Francia e vai escribindo as súas vivencias e impresións da viaxe. Esta obra aparece no Libro V do Códice Calixtino, un libro sobre as Peregrinacións promovido polo papa Calixto II.

Coñecido como a "Guía do peregrino", é unha obra interesada en promove-las peregrinacións a Compostela e ofrece moita información sobre os camiños a seguir, monumentos, santuarios, etc. Tamén recolle moitas lendas e historias.

Alerta ós peregrinos sobre os perigos do Camiño e fai comentarios sobre os pobos e as xentes que vai atopando na súa marcha. Moitas veces estes comentarios son moi ferintes e deixa en moi mal lugar a mulleres, pousadeiros, xentes das vilas, etc.

O Códice Calixtino é posiblemente a primeira guía de viaxeiros que se coñece. Era moi útil para os peregrinos, pois naquela época non había mapas e a penas indicacións que permitiran segui-lo Camiño sen perderse.



Santiago, nun debuxo do Códice Calixtino


# OS PRIMEIROS PEREGRINOS



Peregrino, nun gravado alemán do século XVI.

A noticia do descubrimento da tumba do Apóstolo esténdese por toda Europa. Xentes de tódolos países e de tódalas clases sociais, senten a necesidade de peregrinar a Santiago.

Chegan a Compostela todo tipo de xentes, dende reis, grandes señores, condes, arcebispos... ata persoas humildes, como criados, penitentes, curiosos, artistas, mercaderes, mendigos, troveiros e xogares, doentes, falsos peregrinos, cregos, soldados...



Antigas representacións da viaxe, por terra e por mar.



## A VESTIMENTA DOS PEREGRINOS

A roupa que co tempo sería o uniforme dos peregrinos non era máis ca que usaban os viaxeiros daqueles tempos, preto do ano mil.

Unha capa e un sombreiro para o sol e a chuvia sobre un vestido que permitira andar con comodidade; unhas sandalias ou outro calzado forte; un bordón, que era tanto un bastón para axudarse nos tramos duros do camiño coma un arma contra lobos e ladróns; un zurrón de pel de cervo, sempre aberto para mostra-la boa fe; unha cabaza para beber, suxeita no bordón ou posta ó cinto .

Por último, o distintivo de peregrino: a cuncha de vieira, que nos primeiros tempos só se levaba despois de chegar a Santiago, servindo de certificado da peregrinación e, a partir do século XV, xa é distintivo de tódolos peregrinos.



Non podemos ir de peregrinos a Santiago sen levar unha cuncha de vieira.


## COMO SEGUI-LO CAMIÑO

Nos primeiros tempos non había mapas e os peregrinos tiñan que fiarse das xentes que encontraban, das instrucións aprendidas de memoria e dos sinais como cruceiros e milladoiros, que eran montóns de pedras que ían deixando os peregrinos ó pasar.

Nos días de neve, brétema ou tormentas, os monxes dos mosteiros facían soa-las campás para orientar ós camiñantes.

O normal era ir xuntos en grupos formados segundo a nación da que procedían, mesturados ricos, pobres e viláns, para mellor defenderse.


Os máis poderosos facían o camiño a cabalo, seguidos dos seus servidores.



Milladoiro da "Cruz de Ferro", en Foncebadón (León)

## ATENCIÓNS ÓS PEREGRINOS

Os reis, a Igrexa e os señores feudais, concederon unha serie de privilexos para facilita-la viaxe.




A cruz de Santiago,  
símbolo dos Cabaleiros de Santiago.

O primeiro privilexo foi o de non ter que pagar "peaxe" por cruzar pontes ou terras, ou por usar animais e outras cousas necesarias para viaxar.

Ricos ou pobres tiñan dereito a unha hospitalidade chea de atencións.

As Ordes militares e monásticas vixían os camiños para protexer e axudar ós peregrinos: os cabaleiros de San Xoan ou Hospitalarios, os Templarios, e despois unha Orde especial: os Cabaleiros de Santiago.

Pouco a pouco vanse construindo hospitais, albergues, pontes, mosteiros, igrexas, hospicios, limosnerías... para a atención dos camiñantes.



*Puente La Reina. Ponte mandada construír especialmente para os peregrinos pola raíña de Navarra, no século XI.*

*Os reis preocupáronse moito de que se construísen e se reparasen as pontes, pola dificultade que supoñía cruza-los ríos para os camiñantes.*

Cando o peregrino regresaba ó seu país sempre tiña dereito a ocupar o posto de traballo que deixara; ademais, as débedas que poidera ter quedaban en suspenso ata o seu regreso.

Nos séculos de máis afluencia, o XII e o XIII, calcúlase que viñan a Compostela cada ano máis de douscentos cincuenta mil peregrinos.

## OS MOTIVOS DA PEREGRINAXE

Ó peregrino movíano diferentes motivos para emprende-la viaxe: o máis importante era a fe e a devoción, pero o máis habitual era a redención de culpas, o cumprimento dun voto feito nun momento de grave perigo ou o alivio de doenzas físicas.

## LENDAS E FEITOS MILAGREIROS


Os relatos de milagres que se produciron ó longo da Rota Xacobeá son moi numerosos. No Códice Calixtino cóntanse vintedous e a eles hai que engadir moitos máis que os peregrinos contaban uns a outros nas noites en que se reunían nas pousadas.

Ás veces non era Santiago o que facía o milagre, senón a Virxe ou un santo local.

Había lendas de *protección*, onde Santiago daba auga ó peregrino sedento ou espantaba ós ladróns que o querían roubar. Outras eran de *ameaza* como a do home que ve arde-la súa casa por negarlle axuda a un peregrino, ou a muller que tendo o pan no forno, dille a un peregrino que só quentaba pedras, e así resultou.

Tamén hai relatos de milagres feitos só coa cuncha do peregrino.

Pero a lenda máis coñecida de todas é a de Santo Domingo de la Calzada.



Galiñeiro dentro da catedral de Santo Domingo de la Calzada. Sempre hai un galo e unha galiña vivos en lembranza do milagre.

Conta que unha familia francesa chegou á pousada e unha moza namorouse dun mozo desta familia, pero o mozo non lle fixo ningún caso. Ela, para vingarse, meteulle no seu zurrón unha copa de gran valor, e acusouno de ladrón. Detiveron ó mozo e condenárono a morrer na forca.


Os pais seguiron camiño a Santiago e á volta aínda o fillo estaba colgado na forca; pero vivo gracias a Santo Domingo, porque era inocente. Van visitar ó Correxidor para contarlle o milagre e este, que se

dispoñía a comer unha galiña asada, riuse deles dicindo que o seu fillo “estaba tan vivo como a galiña que el ía comer”. Nese momento a galiña saltou do prato e púxose a cantar.


De aí o dito “Santo Domingo de la Calzada, onde cantou a galiña despois de asada”

## A "COMPOSTELA" E O "XUBILEO"

Ata o século XV, os camiñantes que chegaban a Santiago recibían unha cuncha de vieira como símbolo de ter feita a peregrinación.




A partir dese século pasa a otorgarse a "*Compostela*", un documento que acredita a peregrinación e serve de xustificante para recibil-as axudas na viaxe de volta.



Hoxe, para conseguila *Compostela* hai que acreditar ter feito polo menos cen quilómetros a pé, ou douscentos en bicicleta, rematando en Compostela.

Cando se visita a tumba do Apóstolo nun Ano Santo (cando o día de Santiago cadra en domingo), obténse o "*xubileo*", que é un perdón de tódolos pecados.



*Santiago onde, segundo a tradición, repousan os restos do Apóstolo.*

## AS PEREGRINACIÓNS CO PASO DO TEMPO


Do séculos X ó XV as peregrinacións a Compostela tiveron gran importancia; pero no XVI, por medo ó pirata Drake, escóndense tan ben as reliquias do Apóstolo, que se perden durante máis de trescentos anos.

Nos séculos XVII e XVIII as peregrinacións perden importancia e no XIX practicamente desaparecen.

En 1.879 atópanse os restos do Apóstolo, ocultos tralo altar maior, e restablécese un pequeno movemento de peregrinación.

Hai pouco tempo, a finais do século XX, as peregrinacións volven cobrar importancia. Os gobernos das Comunidades Autónomas, os alcaldes das vilas, as sociedades de *Amigos do Camiño*, todos preocupáanse por facer albergues, arranxa-los antigos camiños, facilitar información... Tamén se editan moitísimas Guías do Camiño.

Hoxe, coa moda do turismo ecolóxico e alternativo, o Camiño de Santiago volve ter boa saúde; claro que os motivos que moven ós modernos peregrinos xa non son en gran parte os mesmos, nin as roupas e o calzado, nin os medios de transporte; aínda que a auténtica peregrinación segue a ser a que se fai a pé.



Actualmente o Camiño de Santiago (sobre todo o Camiño Francés) está case todo reconstruído, agás zonas onde hai estradas ou edificacións. Por el chegan a milleiros os novos peregrinos-turistas.

# OS CAMIÑOS DE SANTIAGO

## O CAMIÑO FRANCÉS

É, con diferencia, o máis importante por número de peregrinos. Isto foi debido ás melloras en camiños, pasos, pontes, etc, que fixeron moitos reis; á vixiancia que tiña por parte de Ordes de Cabaleiros e monxes, e tamén pola publicidade do *Códice Calixtino*.


As xentes procedentes de toda Europa entraban en España por dous pasos: o porto de Somport, na provincia de Huesca e o de Roncesvalles, en Navarra.

Estes dous camiños xúntanse en Puente la Reina e xa seguen nun só ata Compostela.

Saíndo de Navarra, atravesa as provincias da Rioxa, Burgos, Palencia e León; entra en Galicia polo Cebreiro, cruza Lugo e chega a Santiago de Compostela, na provincia de A Coruña.

Este Camiño está cheo de grandes monumentos, entre os que destacan as catedrais ( León, Burgos, Astorga, Pamplona...), as antigas igrexas e mosteiros, antigos hospitais de peregrinos, etc.

A través deste Camiño entraron en Galicia as artes e as ideas de Europa.




Camiño francés —————

Os outros camiños - - - - -

## OS OUTROS CAMIÑOS:


A atracción de Compostela non se limitou só ós pobos que cruzaban os Pirineos e ían creando o camiño francés. De tódolos lugares da cristiandade viñeron, e veñen, peregrinos. O certo é que hai tantos camiños como puntos de partida.

**CAMIÑO DO NORTE.-** É un camiño que vén pola beira do mar Cantábrico. Dende Ribadeo cruza en diagonal a provincia de Lugo, ata chegar a Melide ou Arzúa, uníndose ó camiño francés.



**VÍA DA PRATA.-** Esta rota facíase seguindo unha gran obra dos romanos: unha calzada que viña dende Mérida, en Extremadura, ata Astorga, uníndose alí ó camiño francés.


**CAMIÑO PORTUGUÉS.-** Ten dous ramais, un polo interior de Portugal e outro, o máis coñecido, que vén pola costa, dende o cabo San Vicente, aínda que o punto máis importante é Lisboa.





**CAMIÑO PRIMITIVO.-** Cando se descubre a tumba do Apóstolo, Galicia pertence ó reino de Asturias. Posiblemente os primeiros peregrinos viñeron de Oviedo, pasando por Lugo.

Esta rota unía dous santuarios: O de San Salvador, en Oviedo, e o de Compostela.



**CAMIÑO DA RÍA DE AROUSA.-**

Conta a tradición que a esta ría chegou a barca que trouxo ó Apóstolo e foi amarrada a unha pedra ou "pedrón", de aí o nome de Padrón.

Este camiño ten dous ramais: un parte de Ribeira e outro de O Grove.



**CAMIÑO INGLÉS.-** As peregrinacións procedentes das illas británicas chegaban por mar ata A Coruña ou Ferrol. De aí ían a Compostela, pasando por Betanzos.

**CAMIÑO DE FISTERRA.-** Outra rota tradicional a Santiago sae de Fisterra, lugar de moita devoción, porque alí estaba o mosteiro de San Guillerme, onde había unha cama de pedra que, segundo as vellas crónicas, sanaba os matrimonios que non podían ter fillos.

# ACTIVIDADES

1.-¿Que outros nomes recibe o camiño de Santiago?

.....

2.- Une con frechas:

*Castro de Libredón*

*Afonso II "O Casto"*

*Teodomiro*

*"Raíña Lupa"*

\*Bispo de Iria. Declara que a tumba descuberta é do Apóstolo Santiago.


\*Lugar onde se atopou a tumba.

\*Dona das terras onde chegaron cos restos do Apóstolo.

\*Rei asturiano que tamén manda en Galicia.

3.-¿Cantas igrexas se fixeron antes da Catedral para garda-los restos do Apóstolo? .....


4.-Pon nomes a estes elementos da vestimenta dos peregrinos




.....




.....



.....



.....



.....

5.-Debuxa os dous símbolos máis característicos das peregrinacións: unha cruz de Santiago e unha cuncha de vieira.

*Cruz de Santiago*

*Cuncha de vieira*

6.- Pon aquí o que se lle entrega ós peregrinos como proba de ter feito o Camiño:

Antes do século XV .....

A partir do século XV .....

7.- ¿Cando é un Ano Santo? .....

.....

8.- Coa axuda dun mapa de España, busca nomes de poboacións que teñan que ver co Camiño de Santiago. Neles debe aparecer algunha palabra que faga referencia ó Camiño, como *Camino, Calzada, Hospital, Puente*, ou outras similares. Debes seguir aproximadamente o Camiño francés.

.....

.....

.....

9.- Se ti queres peregrinar a Santiago, ¿cal é o Camiño que máis preto che queda? .....

10.- Investiga: ¿cal era, hai moitos anos, a finalidade do *botafumeiro*?

.....

11.- Completa coas palabras que faltan:

### A ORIXE DE COMPOSTELA

Conta a lenda que os ..... do Apóstolo trouxérono a ..... nunha barca de ..... guiada por un ..... e desembarcaron en ..... Tentaron enterralo pero ..... non lles deixou. Deulles ..... que se volveron ..... e botaron a andar. Cando se detiveron, os discípulos ..... e fixeron unha pequena capela que co tempo .....

Máis de sete séculos despois, en ....., un pastor ve ..... e comúncallo a ..... , quen di que é ..... Alí o rei manda facer ..... e pronto se constrúen ó seu redor ..... , ..... , etc, nacendo así Santiago de Compostela.

12.- Sobre este mapa, colorea de vermello o Camiño Francés, de azul o Camiño do Norte, de verde a Vía da Prata, de amarelo o Camiño Portugués, de marrón o Camiño Primitivo e de violeta o Camiño Inglés.

